



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcaí, 41 – Bemibire – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

CERTIFICACIÓN

Ana María Reyes Cambre, secretaria-interventora do CONCELLO DE VAL DO DUBRA, agás erro ou omisión involuntaria, CERTIFICO.

Que a Sesión Extraordinaria de Pleno deste concello, que tivo lugar o día 16 de xuño de 2025, adoptou, entre outros, o acordo que transcribo literalmente:

2.- 2025/X998/000032. APROBACIÓN DO I PLAN DE INFANCIA E ADOLESCENCIA DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA 2025-2029.

De conformidade co artigo 82.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais o alcalde, por razóns de urxencia debidamente motivada, poderá incluír na orde do día, a iniciativa propia ou a proposta dalgún dos voceiros, asuntos que non foran previamente informados pola respectiva Comisión Informativa, pero nese suposto non poderá adoptarse acordo algún sobre estes asuntos sen que o Pleno ratifique a súa inclusión na orde do día.

O Sr. alcalde-presidente propón aos presentes a ratificación da inclusión dos tres puntos na orde do día por maioría simple por non ser ditaminados previamente pola correspondente comisión informativa, de acordo co artigo 82.3 e 97.2 do ROF.

A ratificación da inclusión destes tres puntos na orde do día **APRÓBASE** por unanimidade dos concelleiros asistentes á sesión.

A continuación o Sr. alcalde cede a palabra á concelleira de Educación, Celsa Oreiro, que procede a dar conta da proposición da Alcaldía, asinada con data do 12/06/2025, do teor literal seguinte:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO I PLAN DE INFANCIA E ADOLESCENCIA DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA 2025-2029

Expediente: 2025/X998/000032

ANTECEDENTES.

A planificación e implantación de políticas públicas destinadas á infancia e adolescencia conta cun sólido respaldo normativo e estratéxico que recoñece os dereitos das nenas, nenos e adolescentes, así como o papel clave das entidades locais na súa protección e desenvolvemento integral.

A nivel internacional destaca a Convención sobre os Dereitos da Infancia, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 1989 e ratificada por España en 1990, que recoñece ás nenas e nenos como suxeitos de pleno dereito. O seu artigo 12 establece o dereito da infancia a expresar libremente a súa opinión en todos aqueles asuntos que lles afecten.

No ámbito estatal, a Lei Orgánica 8/2015, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, e a Lei Orgánica 8/2021, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, establecen mecanismos para garantir a protección



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

efectiva deste colectivo e reforzan a obriga das administracións públicas de promover a súa participación activa.

Así mesmo, a Estratexia Estatal de Dereitos da Infancia e Adolescencia 2023-2030 aprobada polo Goberno de España fornece un marco de referencia para o deseño de políticas públicas nesta materia, incidindo no rol das entidades locais como axentes clave na súa implantación.

En Galicia, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, e a Lei 4/2023, do 6 de xullo, de infancia e adolescencia, conforman o eixo da normativa autonómica que recoñece o dereito das nenas, nenos e adolescentes a un desenvolvemento integral no seo dunha contorna segura, protectora e participativa, promovendo a elaboración de instrumentos de planificación por parte das administracións públicas, incluídos os concellos.

Neste contexto, o Concello de Val do Dubra considera necesario dotarse do seu Primeiro Plan de Infancia e Adolescencia, como ferramenta estratéxica para orientar as políticas municipais dirixidas á poboación infantil e adolescente, garantindo así a súa protección, benestar e participación real na vida comunitaria.

CONSIDERACIÓNS

De xeito previo, e neste senso, realizouse unha diagnose previa da situación da infancia e da adolescencia no municipio, co obxectivo de coñecer en profundidade a realidade local e identificar tanto as necesidades, as fortalezas, así como os desafíos do Concello de Val do Dubra neste eido. A partir desta análise, elaborouse e dinamizouse o Plan Local da Infancia e da Adolescencia de Val do Dubra, construído dende a participación cidadá.

Este plan establece liñas estratéxicas, obxectivos e medidas concretas para o período 2025-2029, co fin de avanzar cara a un concello máis respectuoso cos dereitos da infancia, máis inclusivo e máis participativo.

Considerando que o dito Plan é a ferramenta que imos utilizar dende a nosa localidade para seguir traballando nos vindeiros anos en material de protección e participación da Infancia e a Adolescencia, **proponse ao Pleno** a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- APROBAR o Primeiro Plan de Infancia e Adolescencia do Concello de Val do Dubra, cuxo contido se achega á presente proposta.

SEGUNDO.- Publicar anuncio do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios do concello e sede electrónica municipal.

TERCEIRO.- Dispoñer a difusión pública do Plan aprobado, así como a súa implantación progresiva a través da coordinación dos diferentes departamentos municipais implicados.

CUARTO.- Facultar expresamente a esta Alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcaí, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Val do Dubra, na data da sinatura dixital

O alcalde

Diego Luís Díaz Méndez”.

INTERVENCIÓNS:

[...]

Rematado o debate sométese a votación a proposta antedita. O Pleno do Concello **ACORDA** por unanimidade dos concelleiros asistentes á sesión:

PRIMEIRO.- APROBAR o Primeiro Plan de Infancia e Adolescencia do Concello de Val do Dubra, cuxo contido se achega á presente proposta.

SEGUNDO.- Publicar anuncio do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios do concello e sede electrónica municipal.

TERCEIRO.- Dispoñer a difusión pública do Plan aprobado, así como a súa implantación progresiva a través da coordinación dos diferentes departamentos municipais implicados.

CUARTO.- Facultar expresamente a esta Alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

E para que conste, asino o presente certificado co visto e prace do alcalde, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e prace do alcalde.

CONCELLO DE VAL DO DUBRA, 18 de xuño de 2025

A secretaria, Ana María Reyes Cambre

Visto e prace,

O alcalde, Diego Luís Díaz Méndez

Val do Dubra, naturalmente